

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE
CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL EN
PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE DE MARZO DE
DOUS MIL DEZAOITO: - - - - -**

PRESIDENTE:

D. Telmo Martín González

CONCELLEIROS/AS:

- D. Juan - Antonio Deza Otero
- D^a M^a Paz Lago Martínez
- D. Rafael Domínguez Piñeiro
- D^a María Deza Martínez
- D. Marcos Guisasola Padín
- D^a Silvia Freire Fernández
- D. Alfonso Rea Pérez
- D. Gonzalo Gonzalo Pita
- D. José - Daniel Fernández Piñeiro
- D. Jesús - Joaquín Sueiro Méndez
- D. David Otero Domínguez
- D^a Sandra Fernández Agraso
- D. Maximino González Miniño
- D^a M^a del Coral González-Haba Pérez
- D. Roberto - Carlos Agís Balboa
- D^a Vanessa Rodríguez Búa

INTERVENTOR:

D. José – Juan Vidal Vilanova

SECRETARIO:

D. Ángel - Luís López Pita.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as nove horas do día vinte de marzo de dous mil dezaoto, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. TELMO MARTÍN GONZÁLEZ**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria e urxente da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular: a urxencia deste pleno ven derivada de que está convocada para o xoves a sinatura do convenio coa Conselleira de Infraestruturas.

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto: indica que está a favor da urxencia do pleno.

Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: di que non ve a urxencia porque a sinatura se podería concertar noutro momento, non houbo comisións previas, non coñecemos a fondo ao proxecto, nin o convenio.

Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: seguindo a mesma liña da intervención anterior, dicir que facer este pleno para adaptarnos á axenda da concelleira non é motivo de urxencia, a importancia do proxecto non quita que pase os trámites necesarios, e dicir unha comisión informativa previa e unha aprobación sen necesidade da urxencia, que non está suficientemente xustificada polo goberno.

Sra. Deza Martínez: a importancia do convenio é suficiente para xustificar a urxencia, estamos falando dun convenio e unha obra historicamente demandada polos veciños de Sanxenxo e unha estrada que leva mais de 50 anos sen que se faga ningún tipo de reparación, é un convenio importantísimo que vai a impactar moito neste concello, que ademais vai ser o encargado de licitar a obra e de encargar o proxecto, supervisando toda a obra, o que ten a importancia suficiente como para facer un pleno antes do ordinario. Non é en se a sinatura do convenio, que tamén é importante, senón a propia obra que se vai executar e que levamos 50 anos demandando.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita: é certo que, a maiores dos plenos ordinarios, a lei prevé a posibilidade de convocar plenos extraordinarios, mesmo de convocalos con urxencia, como é o caso de hoxe, no que non fai falta nin respectar os prazos mínimos, pódense convocar dun momento para outro e non hai ningún tipo de comisión informativa, ni ningún tipo de contacto entre o grupo de goberno e a oposición ata este momento. Un político responsable debería saber que esta convocatoria de urxencia que permite a lei, é tan só un recurso extraordinario, porque precisamente limita esa capacidade da oposición de controlar a labor do grupo de goberno, mermando non só os dereitos dos concelleiros, senón os de todos os veciños do concello, aos que representamos todos. Esta vulneración só ten razón de ser cando hai urxencia, pero ¿cal é a urxencia aquí? Porque ninguén nos dixo nada, cal é a urxencia que impida esperar 6 días, cando levamos esperando 50 anos, dos cales leva 20 gobernando o PP e nunca se fixo nada nesa rúa e agora hai urxencia por 5 días. Mesmo vou a citar ao **Sr. Guisasola Padín**, no anterior pleno ordinario, cando se trouxo aquí, pola vía de urxencia tamén, un punto denegando unhas alegacións que fixo a CIG, o que por esta parte se lle recriminou ao citado concelleiro. Neste momento o **Sr. Alcalde** pídelle á concelleira interveniente que se limite á cuestión de urxencia, porque para outros temas hai tempo o vindeiro luns. A **Sra. Rodríguez Búa** pregunta se non pode falar, ao que o **Sr. Alcalde** responde que se pode falar, pero que se limite ao tema que nos ocupa. A concelleira **Sra. Rodríguez Búa** continúa referíndose ao que estaba a falar no momento da interrupción e o **Sr.**

Alcalde retíralle a palabra.

Sra. Deza Martínez: agradeceu a lección de dereito da **Sra. Rodríguez Búa** e engade que cando estaba gobernando no tripartito ou no cuatripartito, encargaron o anteproxecto, pero a única persoa que veu a interesarse agora polo anteproxecto foi a **Sra. González-Haba Pérez**, a única que pediu unha copia, entón non me digan que non tiveron tempo para revisalo, podían chamar por teléfono e pedir unha copia do anteproxecto, porque non é un material escondido, saíu na prensa, saíu o **Sr. Alcalde** nunha foto co Concelleiro de Infraestruturas e co redactor, iso non é unha escusa para dicir que non pode vir hoxe a este pleno, que é extraordinario e urxente pola envergadura da obra. Como vostede dixo o goberno ten a capacidade legal para convocar un pleno extraordinario e urxente en calquera momento e, consideramos que a importancia deste convenio, require este Pleno.

Ao non producirse mais intervencións o **Sr. Alcalde** someteu a ratificación da urxencia da convocatoria a votación, na que se deu o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Abstencións: 0

En consecuencia, **a ratificación da urxencia da convocatoria foi aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da corporación.**-----

2º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A “URBANIZACIÓN DA RÚA PROGRESO (PO-308)” EN SANXENXO. Polo Sr. Secretario dáse conta da proposición da alcaldía do 16 de marzo de 2018 que a continuación se transcribe literalmente:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA PARA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO, PARA A “URBANIZACIÓN DA RÚA PROGRESO (PO-308)” EN SANXENXO.

É de todos coñecida a importancia que ten a Rúa Progreso como un dos viais que artella a circulación no noso concello e que se atopa nun deficiente estado tal e como se acredita no informe técnico que acompaña a este expediente.

Na procura de conseguir unha inmediata mellora do citado vial é polo que se realizaron xestións ante a Axencia Galega de Infraestruturas co obxectivo de conseguir un convenio que permitise obter o financiamento suficiente para abordar unha reforma integral do referido vial.

Remitido a este concello un borrador do convenio, realizáronse os tramites previos a súa aprobación, entre os que se encontran os informes favorables dende o punto de vista técnico, de viabilidade urbanística, de secretaría e a preceptiva fiscalización do interventor municipal.

Enviada toda a documentación solicitada á Xunta de Galicia para a aprobación do convenio, consta no expediente certificado do secretario do Consello da Xunta de Galicia da aprobación do convenio de colaboración por este órgano, en sesión celebrada o 15 de marzo de 2018, polo que para proceder á súa sinatura tan só falta o acordo do órgano municipal competente, que é o Pleno da corporación, tal e como sinala na addenda ao seu informe o secretario do concello.

Á vista do anteriormente exposto, propono ao Pleno da corporación a adopción do seguinte acordo:

****Aprobar o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO, PARA A “URBANIZACIÓN DA RÚA PROGRESO (PO-308)” EN SANXENXO”, que figura unido á certificación do secretario do Consello da Xunta de Galicia, acreditativa da súa aprobación o día 15 de marzo de 2018, autorizando ao Sr. Alcalde Don Telmo Martín González para a súa sinatura.”-----**

O **Sr. Secretario** explicou que, dado que esta proposición non foi a comisión, para o seu debate e votación, necesita a ratificación da súa inclusión na orde do día.

Ao non producirse intervencións o **Sr. Alcalde** someteu a ratificación da inclusión deste asunto dentro da orde do día, , na que se deu o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal e Sr. Agís Balboa, concelleiro do Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 5 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto e Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

Abstencións: 0

En consecuencia, **a ratificación da inclusión do asunto dentro da orde do día foi aprobada pola maioría absoluta dos membros de dereito da corporación.**

Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular: Trátase da urbanización da rúa Progreso, no tramo entre a Florida e a rotonda de Arnelas. É un convenio que require a participación da Axencia de Infraestruturas e o Concello de Sanxenxo, no que, basicamente, o concello encargaríase da execución da obra e da licitación do proxecto, asumindo o 30% do custe da obra. O proxecto levaría dúas novas rotondas, unha na entrada, no que é a intersección entre a Florida e a Rúa de Madrid e outra no que é a intersección coa Rúa Castelao.

Sr. Agís Balboa, voceiro do Grupo Municipal Mixto: vai a votar a favor porque é unha historia de moitos anos e quere que vaia para diante, esperando que non pase o mesmo que pasou con Luis Rocafort, que non existan os problemas que houbo alí cos aparcamentos e que as cousas se fagan ben esta vez , teño claro que iso hai que arranxalo.

Sra. González-Haba Pérez, concelleira do Grupo Municipal Mixto: paréceme estupenda a sinatura e o convenio, é unha rúa que o demanda, que anunciou o tripartito, como ben dixó antes a Sra. Deza Martínez e quero pensar que tería o mesmo fin que está tendo agora, aínda que estivese o tripartito gobernando, porque senón sería clientelismo. Xa que o Sr. Agís Balboa comparou este

tema co da Avda. Luis Rocafort, lembro que esa obra se fixo coas mínimas molestias, o concello non fixo o proxecto, aínda que se participou en todo, as cousas que se podían modificar, tratáronas persoalmente o Sr. Gonzalo Pita e o Sr. Fernández Piñeiro e montouse a que se montou, porque era unha cousa mais ben política, que non de contido do proxecto. Neste proxecto fálase de dous carrís de tres metros e unhas beiravías de 0,25, beirarrúas de 1,80 e os aparcamentos son en liña, non en batería, escasa iluminación dos pasos de peóns e, quero que iso sexa unha aportación do meu partido a este proxecto, porque non hai unha normativa que así o recolla, pero se que é bo que existan unhas luminarias nos dous sentidos nos pasos de peóns, porque esta rúa é de moito tránsito. Para os que soben a Miraflores, a visibilidade é case nula, entón se que se podería facer algunha modificación nese sentido. Logo están as escaleiras que están ao lado de Correos, onde faleceu unha persoa e deberíase solucionar. E unha cousa importante, hai unha normativa europea relativa aos aparcamentos onde están as farmacias, non sei se o bipartito o vai a pintar con zona azul, pero hai dúas farmacias na rúa Progreso e deberíase dar facilidade para aparcar, porque pode haber xente que vaia con urxencias a comprar medicamentos.

Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita: en canto á necesidade do proxecto, é evidente para todos que a rúa Progreso necesita unha reforma integral. En xuño de 2015, cando entramos a formar parte do goberno, creo lembrar que a primeira actuación que solicitamos á Xunta foi a referida a esa rúa, nese momento solicitáronse dúas cousas, primeiro o asfaltado urxente, porque había unhas fochancas que daba medo e o outro motivo era a necesidade da reforma integral da rúa; nese momento falamos cos dirixentes de Infraestruturas da Xunta, Sr. Agustín Hernández e o Sr. Fausto, e chegouse a un compromiso, polo que a Xunta cofinanciaba o proxecto, sempre e cando o concello asumise o 30% do gasto da obra, que se correspondería coas canalizacións, co abastecemento de auga, que estaba en mal estado, sendo responsabilidade do concello; outra condición que poñía a Xunta era que a elaboración do proxecto fose realizada polo concello. Nese momento o goberno tripartito encarga o anteprojecto, como ben dicía a Sra. Deza, lembrando perfectamente ver o proxecto no despacho do anterior alcalde e o trazado é practicamente idéntico ao que existe hoxe en día. Non solicitei copia do anteprojecto porque como isto é unha convocatoria extraordinaria urxente, pouco marxe nos deixa, sobre todo aos que traballamos e non cobramos, entón apelei ao compañeirismo e, neste caso, tanto a documentación como o anteprojecto, pasáronmo David e Coral, o anteprojecto se o vin, porque, se veño aquí, é sabendo as cousas, senón non viría. O proxecto é idéntico ao anterior a simple vista, entón, ¿qué fixeron vostedes durante 9 meses? Vós tedes 9 meses de papeleo e nós temos que aprobar o proxecto en 24 horas e sen ter tempo nin para respirar, isto é o que está facendo o goberno agora mesmo con este tema tan importante que non se pode traer ao pleno ordinario do luns; en calquera caso, a necesidade da obra é evidente, levamos 20 anos esperando esa obra, dos que 16 gobernaba o PP. Quen soubo captar esa necesidade e quen traballaba por ela, foi o goberno que, na súa maior parte, a día de hoxe, atópase na oposición, polo tanto non discuto a necesidade. En canto ao proxecto, non podo falar das características urbanísticas, aínda que entendo que se poderá facer mais adiante, porque estamos falando da aprobación do convenio, non do proxecto. Aínda que aquí todo é un escaparate, é certo que o alcalde nos dixo que nos chamaría a un montón de reunións para colaborar e, efectivamente, houbo varias reunións de voceiros, nas que o único que se sacou en claro foi a foto que se subiu ás redes sociais para intentar demostrar o que o alcalde no é, porque, se fose dialogante, o que habería feito nestes nove meses era chamarnos para discutir este tema e non traelo desta forma. En canto ao meu voto, o mais probable é que me absteña, non porque non crea que é necesaria esta obra, nin tampouco polo proxecto, porque é practicamente igual ao que tiñamos nós hai 9 meses, senón polas formas, porque cando eu veño aquí non voto por min, son moi consciente do papel que xogo, representar a todos os cidadáns e non podo votar se entendo que vulneran os meus dereitos e os de

todos os cidadáns, por un motivo que non sei cal é, a única urxencia que se me ocorre é a que ten o PP de vender que fai cousas, cando realmente o único que está facendo é vivir das rendas do anterior tripartito, porque ningún proxecto dos que trouxestes foi iniciativa vosa, todos foron pensados primeiramente por nós e traballados por nós. Estadades a facer campaña, ese é o único motivo da urxencia.

Sr. Otero Domínguez, voceiro do "Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego: o proxecto, aínda que vostedes están falando do convenio, evidentemente ten uns prazos e estou seguro que soamente se empezarán a mover as cousas en xaneiro do ano que ven e, a esas alturas, todo ten un perfil electoral, despois está a cuestión pendente, moi propia da Xunta, de que, se seguen os meus, seguramente haberá un segundo prazo, unha actitude que tivemos que sufrir durante dous anos, con comportamentos bastante maleducados a nivel de representantes máximos da Xunta e da Conselleira Ethel Vázquez nalgunha ocasión que outra, quero dicir que, ás veces, habendo gobernos amigos, pois aparentemente, avánzase mais. Non é a primeira vez ao longo destes anos que se fala do anteprojecto da Rúa Progreso, pero a materialización chegou e, a partir de agora, non se tolerarían mais enganos da Xunta de Galicia, titular da rúa, non esquezamos iso. Hai unha serie de cuestións que non aparecen nos convenios e ás que hai que darlle resposta definitiva. O primeiro tema é que a Xunta de Galicia é a responsable de moitas cousas que sucederon nesta rúa en todos estes anos, unha cifra innumerable de atropelos e riscos reais de peóns que o sufriron na súas vidas. Unha rúa deprimente que está esquecida pola Xunta de Galicia desde fai moitísimos anos, sen facer ningunha actuación. Outra das cuestións que non se reflicten no convenio é o feito de que a Xunta tamén ten responsabilidade e competencias no tema do transporte e isto significa que, dando prioridade sobre todo a seguridade, hai que dar alternativas ao transporte pesado por esa zona, non pode ser unha rúa onde pasen trailers de grandes tonelaxes e transportes perigosos, hai que resolver esta cuestión ou darlle alternativas, aproveitando a autovía existente ou como sexa, hai determinados transportes que teñen que deixar de pasar por esa rúa, unha vez que se execute esta obra e isto ten que quedar resolto e plasmado no proxecto. Por outra parte está a accesibilidade, unha cuestión obrigatoria a día de hoxe, que obviamente ten unhas consecuencias na redución de espazos de aparcamentos e tamén pode ocorrer que se fale dunha única dirección, cuestións a resolver no proxecto definitivo, pero en todo caso, estamos falando dun anteprojecto que se iniciou, como se dixo aquí, aínda que non vostedes, na etapa na que estaba no goberno o BNG. Os veciños teñen dereito a coñecer o anteprojecto antes de que se converta en proxecto, non vaia a ser que xurdan determinadas plataformas, como a que vostedes impulsaron en Luis Rocafort, en definitiva é una cuestión democrática, porque os veciños teñen moitas aportacións que facer, que se faga público e, a partir de aí, seguro que entre todos seremos capaces de que esta obra se poida executar, sempre e cando a Xunta cumpra o que asina.

Sra. Deza Martínez: agradezo a aquelas persoas que ven o proxecto en positivo, coas aportacións que están a facer e non o ven en negativo. Respecto ao tema que acaba de comentar o Sr. Otero, estou de acordo no do transporte pesado nesa rúa, había que buscar unha alternativa para eliminalo, que ademais terá que buscar o concello e hai algunhas plantexadas no plan Xeral, non son roldas, pero son alternativas que solucionan gran parte do problema. En canto á accesibilidade, creo que debe primar respecto do tema dos aparcamentos, aínda que tamén é certo que estes non se poden eliminar, hai que garantir, como ben dixo a concelleira Coral, certos servizos, como as farmacias, cargas e descargas, habería que velar porque esa rúa fose dun único sentido e derivar o transporte pesado por unha rúa distinta, para o que haberá que estudar o tráfico. O que estamos hoxe debatendo é un anteprojecto, non é o proxecto, non é un tema que estea pechado, é un anteprojecto que aínda está por depurar, hai cuestións que se poden introducir e, de momento, aínda non saíu o

proxecto a licitación e, polo tanto, pódense incorporar todas aquelas cuestións que se vexan necesarias para a adaptación ás necesidades de accesibilidade, transporte ou o que sexa. Non entendo ben o que acaba de dicir o Sr. Otero de que co goberno dos amigos se solucionan mellor as cousas, iso habería que preguntarllo a vostede, cando foi o do colexio de Vilalonga, querían que aportase a Xunta o 50% e nós o 50% e non todo a Xunta, como se tiña que facer. O bo deste convenio é que o Concello vai controlar a licitación e a execución da obra, cuestións que non podemos controlar na Avda. Luis Rocafort, por exemplo, e cremos que iso é importante para velar porque o resultado sexa bo para os veciños de Sanxenxo e para o resto dos usuarios desa rúa.

Sra. Rodríguez Búa: deberíamos aprender dos erros que houbo neste concello, polo tanto sería esencial que se expuxese o anteprojecto aos veciños, para que puidesen consultalo e aportar o que consideren oportuno, independentemente do que puidésemos aportar os concelleiros, iso sería un punto positivo. En canto a votación, voume abster, non porque crea que non sexa necesaria esta obra, senón simplemente porque entendo que as formas non son as correctas e, aínda que lle están intentando restar importancia, non se lle pode restar importancia a unha merma dos dereitos da xente e que, ademais, incorre nun gasto a maiores para o concello, non tendo ningún sentido que se faga un pleno, só con cinco días de antelación.

Sr. Otero Domínguez: vostedes falan dunha serie de cuestións, ás que eu me referín na primeira intervención, pero que, de momento, non están resoltas, entre outras o tráfico pesado, pero a Xunta de Galicia terá que cumprir, non por motivos electorais, senón para cumprir co convenio. O feito de que ao final o concello supervise o proxecto non nos dá unha tranquilidade extraordinaria, a Xunta, a nivel técnico, dispón de mais persoal e de mais medios técnicos para a supervisión que o propio concello, é normal, polo tanto o feito da supervisión non é ningún argumento poderoso. E despois, a cuestión orzamentaria, que é outra das cuestións a ter en conta, porque a cifra definitiva saberase despois da licitación e deberá acompañarse ás anualidades. O tema das calidades, porque neste momento a Xunta de Galicia está a executar tramos de obra na estrada da Lanzada e as calidades deixan moito que desexar. A Xunta de Galicia vai a financiar o 70% dunha rúa que é súa e, desde o noso punto de vista, debería asumir mais porcentaxe pola demora, lembro que nos obrigou, na etapa do goberno noso, a mellorar determinadas cuestións de servizos, aínda que estabamos a traballar xa no tema do anteprojecto. E en canto aos acordos cos gobernos amigos, creo que vostede me entendeu, o problema non é ter amigos, o problema é que cando na Xunta de Galicia goberna o PP, considérase a calquera goberno que non sexa da súa cor, gobernos inimigos, iso é o que sufrimos nese período anterior, sobre todo en actitudes dalgúns conselleiros e conselleiras bastante denigrantes, queremos que se cumpra o que se asina e, para a súa información, a sinatura do protocolo dos colexios, porque é un protocolo, foi da Conselleira de Educación e o Sr. Telmo Martín e obedecía a outro tipo de aspiración, xa coñecida, do Sr. Martín, que era controlar a educación de Sanxenxo desde o propio concello, polo tanto non lle vote a culpa vostede a ningún goberno tripartito, cando o Sr. Telmo Martín, naquel momento, consideraba que o Concello de Sanxenxo tiña recursos mais que suficientes e mesmo estaba disposto a asumir o 50% do orzamento da obriga da Xunta de Galicia de facer os colexios.

Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal: nada mais que dúas cousas, sinalar con respecto ao que acaba de dicir o Sr. Otero Domínguez, que a Xunta de Galicia investiu 4 millóns de euros cando estabamos gobernando na anterior etapa, 3.134.000 euros na primeira fase da PO-508, da Lanzada ata Soutullo e 800.000 euros na segunda fase, que se está a executar agora e que se iniciou na época do tripartito, se cadra vostede dálle mais valor aos 156.000 euros que a nova Deputación puxo encima do que xa había orzamentado para a Avda. Luis

Rocafort, cando se compara o que dá a Xunta coa Deputación e onde vemos que de amiguismos nada. Con respecto aos 9 meses que dicía a Sra. Rodríguez, estou convencido, ademais de que forma parte do pacto de goberno, que esta obra non se faría se non se produce este pacto, estes 9 meses foron fundamentais para aprobar os orzamentos, lembrando que o Concello de Sanxenxo ten que poñer 700.000 euros e, sen orzamento, non poderíamos asinar este convenio, o presuposto foi aprobado e acabado de publicarse apenas hai un mes, polo tanto facer un convenio non era posible con anterioridade, posto que, evidentemente, non podíamos ter esa partida orzamentaria coa que cofinanciamos. Polo tanto, que en 9 meses non se fixo nada, non, o que se fixo foi sentar as bases orzamentarias para poder facer todos estes proxectos. Con respecto ao anteprojecto, vostedes o coñecen perfectamente, porque foi un proxecto que, como todos falaron xa aquí, se redactou durante a etapa do tripartito, a instancias da Xunta de Galicia, non hai un proxecto, porque estamos agora en fase de licitación, por certo, sen orzamento, non poderíamos licitar este proxecto. Polo tanto, se hai unha estabilidade e un pacto de goberno, se poden facer as cousas, senón, andaríamos aquí a falar de moitísimas cousas, pero facer, poucas cousas podíanse facer.

Rematado o debate o **Sr. Presidente** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 16 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Abstencións: 1 (Sra. Rodríguez Búa, concelleira non adscrita).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

“Aprobar o **“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SANXENXO, PARA A “URBANIZACIÓN DA RÚA PROGRESO (PO-308)” EN SANXENXO**”, que figura unido á certificación do secretario do Consello da Xunta de Galicia, acreditativa da súa aprobación o día 15 de marzo de 2018, autorizando ao Sr. Alcalde Don Telmo Martín González para a súa sinatura.”-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as nove horas e corenta e oito minutos, de todo o que, eu Secretario, **DOU FE :**